CONCELLO DE SANTIAGO

Expediente: *Servizo para a execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, sendas fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2018-2020)*

Asunto: *Avaliación das xustificacións das ofertas económicas anormalmente baixas*

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación a avaliación das xustificacións presentadas das ofertas económicas anormalmente baixas ou desproporcionadas do procedemento de contratación do ***"Servizo para a execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, sendas fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2018-2020)"***, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/24/2018.

Antecedentes

Con data 30/11/2018 se informou que as proposicións económicas de ALCOMTE GALICIA, S.L., OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. e MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., de acordo co establecido na cláusula 16 e no epígrafe 16 do anexo 0 do PCAP, superan o límite matemático para considerar presuntamente que as mesmas poidan ser anormais ou desproporcionadas.

Así mesmo, tamén se informou dos resultados obtidos do análise estatístico efectuado as proposicións económicas que continúan no procedemento de licitación e do análise histórico comparado con licitacións anteriores similares e das conclusións presentadas á consideración da mesa de contratación que quedaban supeditadas ao análise técnico posterior a efectuar da documentación que puideran presentar os licitadores que se atopan en situación de baixa anormal ou desproporcionada.

Con data 18/12/2018 recibiuse do Servizo de Contratación de Obras e Servizos a seguinte documentación presentada a tal efecto:

Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		LICITADOR
	DATA	*REXISTRO*	
2	12/12/2018	55.094	ALCOMTE GALICIA, S.L.,
6	12/12/2018	54.954	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
7	12/12/2018	54.870	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.

Segundo o sinalado na cláusula 16.5 do PCAP, os licitadores que se atopen en dita situación deberán cumprir o seguinte:

- Xustificar e desagregar de xeito razoado e detallado o baixo nivel dos prezos dos custos ou de calquera outro parámetro considerado anormal na oferta, mediante a presentación da documentación necesaria para acreditar a súa viabilidade.

CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal

- Entenderase que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos pola licitadora cando sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Análise técnico das xustificacións presentadas

En anexo ao presente informe, incorpórase o análise individualizado e pormenorizado da documentación presentada, tendo en conta as condicións requiridas segundo o establecido na cláusula 16.5 do PCAP.

Conclusión

A vista do PCAP e do PPTP do expediente de contratación e da documentación presentada polos licitadores nas súas ofertas e nas xustificacións das súas proposicións económicas, dende un punto de vista técnico, conclúese o seguinte:

- ALCOMTE GALICIA, S.L.,

  No análise técnico da súa xustificación e nas conclusións expostas no mesmo (ver anexo) non se observan elementos significativos que permitan afirmar tecnicamente que a oferta económica presentada polo licitador incorre na consideración de anormalmente baixa ou desproporcionada e sométese a consideración da mesa de contratación a súa avaliación e aceptación se procede.

- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

  No análise técnico da súa xustificación e nas conclusións expostas no mesmo (ver anexo) non se observan elementos significativos que permitan afirmar tecnicamente que a oferta económica presentada polo licitador incorre na consideración de anormalmente baixa ou desproporcionada e sométese a consideración da mesa de contratación a súa avaliación e aceptación se procede.

- MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.

  O licitador non xustifica nin desagrega de xeito razoado e detallado o baixo nivel da súa proposición económica considerada anormal mediante a presentación da documentación necesaria para acreditar a súa viabilidade. A xustificación non explica satisfactoriamente os prezos propostos polo licitador (baixa aos cadros de prezos do PPTP) e se fundamenta en hipóteses inadecuadas dende un punto de vista técnico e económico.

  Posto que o licitador non cumpre as condicións requiridas para xustificar a súa proposición económica segundo o establecido na cláusula 16.5 do PCAP, sométese a consideración da mesa de contratación ratificar a condición da mesma como anormalmente baixa ou desproporcionada.

Finalmente, sinalar que a vista do exposto se ratifican as conclusións do análise efectuado no informe técnico de 30/11/2018.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Firmado por FERNANDEZ SOLIS, MIGUEL (FIRMA) el día 14/01/2019 con un certificado emitido por AC DNIE 001

Asdo.: Miguel Fernández Solís

CONCELLO DE SANTIAGO

ANÁLISE TÉCNICO DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS

ALCOMTE GALICIA, S.L.

Debido a natureza do contrato (prestación de servizos), o licitador estrutura a xustificación da súa oferta económica mediante o balance entre os ingresos a percibir e os custos nos que incorre por desenvolver o mesmo.

Por outra banda, segundo as especificacións do PCAP, o contrato terá unha duración inicial de 2 anos con posibles prórrogas sucesivas por ata 2 anos mais. Tendo en conta o seu obxecto, rozas e mantemento de drenaxes de viarios e parcelas municipais, os traballos a realizar serán repetitivos en ciclos anuais (rozas en primavera e verán e drenaxes en outono e inverno). Por dito motivo, o licitador expón o seu balance económico da licitación para 1 ano de contrato, dada a repetición do desenvolvemento do contrato para cada un dos anos da súa execución. Tendo en conta o histórico de contratos anteriores de similares características, trátase dunha hipótese razoable.

1. Previsión de ingresos anuais a percibir

   Segundo o previsto no PPTP do contrato, as obrigacións do adxudicatario e, polo tanto, a súa retribución mediante certificacións mensuais, clasifícanse nos seguintes grupos:

   - Operacións do Grupo I

     Son tarefas de prestación obrigatoria durante todo o período do contrato, definidas no PPTP e polas que o adxudicatario percibirá unha retribución fixa establecida no cadro de prezos do contrato e afectada pola baixa da súa oferta económica.

     Segundo os cálculos presentados polo licitador supón unha retribución anual sen IVE de 11.913,60 €.

   - Operacións do Grupo II

     Son tarefas de prestación a demanda por parte do Concello e cuxas condicións técnicas de execución e prezo unitario están definidos no PPTP. A súa retribución efectuarase mediante o cómputo das medicións realmente desenvolvidas para cada tarefa prevista ao prezo establecido para cada unha delas e afectado pola baixa da oferta económica do adxudicatario.

     Ao tratarse de tarefas a demanda, a cuantificación previa non é posible. Neste caso, o licitador realiza una simulación da súa retribución anual establecendo as tarefas que maioritariamente serán desenvolvidas ata completar a retribución anual establecida para o contrato. e asignando unha estimación das súas medicións. Esta asignación de tarefas e importes a utilizará posteriormente para a estimación das medicións a executar para o cálculo dos custos da prestación do servizo.

     Para a súa estimación, e dado que o licitador foi o adxudicatario do anterior contrato (CON/11/2016) que tivo unha duración de 2 anos, utiliza como datos de partida as tarefas e medicións finais desenvolvidas no mencionado contrato. Trátase dunha hipótese razoable posto que parte de datos reais derivados das necesidades do Concello e que se manterán para o novo contrato. Co fin de homoxeneizar as medicións, o licitador, mediante regras de tres, traspón as medicións finais do anterior contrato a un período de 1 ano e coa aplicación do importe de licitación do novo contrato. Ademais, e aplicando un criterio de prudencia, asigna un importe para a execución de outras tarefas non

CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal

previsibles inicialmente a través da base de prezos supletoria (SEAGA) prevista no PPTP.

Segundo os cálculos presentados polo licitador, supón unha retribución anual sen IVE de 5.515,49 € + 309.017,20 € = 314.532,69 €.

Dista forma, a retribución anual sen IVE a percibir é de 11.913,60 € + 314.532,69 € = 326.446,29 €. A diferenza de 0,01 € respecto ao orzamento anual sen IVE de licitación (326.446,28 €) provén do arrastre matemático dos cálculos efectuados e non ten relevancia na xustificación presentada.

2. Previsión de custos anuais incorridos

Para o cumprimento das obrigas previstas no PPTP do contrato e na súa oferta, o licitador realiza una estimación dos seus custos segundo a división de tarefas (grupos) prevista para o contrato.

- Custos do Grupo I

Neste grupo inclúe, debido a natureza das súas tarefas e tendo en conta o seu tempo de dedicación ao contrato, os custos do persoal de xestión do contrato e dos seus vehículos e as instalacións fixas que servirán de soporte para o desenvolvemento do contrato. Estes custos son fixos, xa que se incorren en eles con independencia das tarefas do Grupo II e da súa cuantificación que finalmente se desenvolvan.

O cálculo pormenorizado dos custos de persoal atópase no anexo 1 da documentación presentada. Inclúe as nóminas anuais, as cotizacións a Seguridade Social e o custo dos equipos de protección individual (EPI's) de cada traballador do seu cadro de persoal asignado ao contrato e o precontrato do colaborador externo previsto.

Para os vehículos e as instalacións fixas asigna uns custos internos que son os habituais de mercado para este tipo de equipamentos.

Segundo os seus cálculos supón un importe anual de 108.437,68 €.

- Custos do Grupo II

Partindo do resultado da hipótese da cuantificación dos ingresos efectuada no apartado anterior, o licitador, aplicando a baixa económica ofertada para os cadros de prezos do PPTP, calcula en primeiro lugar as correspondentes medicións para cada unha das tarefas previstas.

En segundo lugar procede ao cálculo do seu custo para cada unha das tarefas previstas. Para ele, establece cal é o peso individual de cada tarefa dentro do conxunto do Grupo II, resultando que as tarefas de segado en marxe de viario (códigos 12511 e 12511b) supón o 83,26% dos ingresos previstos e que a seguinte tarefa en importancia (código 12514) so supón o 1,94% dos ingresos. Polo tanto, procede ao cálculo pormenorizado do custo individual das tarefas mais significativas e a estimar o custo do resto das tarefas previstas.

Para o cálculo dos custos das tarefas de segado, establece en primeiro lugar os medios necesarios (tractor con rozadoira e condutor, retroescavadora mixta con condutor, camión con condutor e peón especializado) e procede ao cálculo dos seus custos individuais.

O cálculo pormenorizado dos custos de persoal atópase no anexo 2 da documentación presentada. Inclúe as nóminas anuais, as cotizacións a Seguridade Social e o custo dos equipos de protección individual (EPI's) de cada traballador do seu cadro de persoal asignado aos medios previstos.

No apartado 2.3.2.2 e no anexo nº 3 inclúe para a maquinaria prevista as táboas de amortización e os datos internos dos gastos específicos de cada equipo e obtén o seu custo individual.

A continuación pasa a determinar os rendementos dos medios necesarias para executar cada tarefa. Para elo utiliza os datos internos que dispón dos rendementos reais que tivo no anterior contrato (CON/11/2016).

Finalmente, con toda a información sinalada calcula o custo individual de cada tarefa prevista e, aplicando as medicións previamente calculadas, o custo anual das tarefas mais significativas.

Para o resto de tarefas menos significativas (16,74% dos ingresos previstos) considera como hipótese de cálculo que o seu custo será proporcional ao das tarifas mais significativas. Ademais, e aplicando un principio de prudencia, inclúe una previsión de incremento de custos por posibles imprevistos durante o desenvolvemento do contrato.

Dista forma, a estimación dos custos deste grupo supón un importe anual de 192.035,35 €.

- Outros custos

  Baixo este epígrafe inclúe os gastos financeiros, os gastos xerais e os custos de estrutura da empresa que o licitador asigna a cada unha das súas actuacións. Segundo os seus datos internos os estima nun porcentaxe do 6,18%. O valor dos mesmos está dentro do rango habitual das empresas deste sector. O seu importe anual estimado é de 18.569,23 €.

Polo tanto, a estimación efectuada polo licitador dos seus custos pola prestación do servizo resulta ser un importe anual de 108.437,68 € + 192.035,35 € + 18.569,23 € = 319.042,26 €.

3. Balance anual da prestación do servizo

   O balance anual da prestación do servizo estimado polo licitador como resultado da comparación dos ingresos fronte aos custos resulta ser un importe de 326.446,28 € - 319.042,26 € = 7.404,02 €, sendo un 2,27% da retribución tipo anual máxima establecida para o contrato.

A vista do PCAP e do PPTP do expediente de contratación e da documentación presentada polo licitador na xustificación da súa oferta económica, dende un punto de vista técnico, conclúese o seguinte:

- Xustifica e desagrega de xeito razoado e detallado os custos da oferta e presenta a documentación necesaria para acreditar a súa viabilidade.
- A xustificación explica satisfactoriamente os prezos propostos polo licitador (baixa aos cadros de prezos do PPTP) e se fundamenta en hipóteses adecuadas dende un punto de vista técnico e económico.
- A estrutura de ingresos e de custos definida polo licitador na súa xustificación é compatible cos requirimentos do contrato de prestación de servizos e está coordinada coa súa oferta.
- A estimación da tipoloxía e medición das tarefas a demanda para o cálculo da oferta económica está razoadamente estimada a partir dos datos reais do contrato similar anterior.
- A definición dos custos unitarios (persoal, tarefas a demanda, porcentaxes, etc.) é responsabilidade do licitador dentro do concepto de rendemento e competitividade da súa actividade empresarial, se ben, os datos presentados están dentro dos parámetros de mercado para este tipo de actuacións.

- O balance final da prestación de servizo é un obxectivo económico do licitador que queda fora do análise e valoración do presente informe.

Polo tanto, a vista do exposto, non se observan elementos significativos que permitan afirmar tecnicamente que a proposición económica presentada por ALCOMTE GALICIA, S.L. incorra na consideración de baixa anormal ou desproporcionada e sométese a consideración da mesa de contratación a súa avaliación e aceptación se procede.

CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal

OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

Debido a natureza do contrato (prestación de servizos), o licitador estrutura a xustificación da súa oferta económica mediante o balance entre os ingresos a percibir e os custos nos que incorre por desenvolver o mesmo durante o prazo inicial de 2 anos previsto para o contrato.

1. Previsión de ingresos totais a percibir
   - Operacións do Grupo I

     Tendo en conta que segundo o establecido no PPTP son operacións de abono mensual fixo, o licitador efectúa o seu cálculo tendo en conta a súa baixa ofertada, resultando unha retribución total sen IVE de 24.480,00 €.
   - Operacións do Grupo II

     Ao tratarse de tarefas a demanda, a cuantificación previa non é posible. Neste caso o licitador realiza una simulación da súa retribución seleccionando, segundo o obxecto principal do contrato, as tarefas que previsiblemente supoñerán a maior parte da carga de traballo e asignando unha estimación das súas medicións ata completar a retribución anual establecida para o contrato. Estas medicións serán utilizadas posteriormente para o cálculo dos custos da prestación do servizo.

     Segundo os cálculos presentados polo licitador supón unha retribución total sen IVE de 8.671,20 € + 619.741,36 € = 628.412,56 €.

   Dista forma, a retribución total sen IVE a percibir é de 24.480,00 € + 628.412,56 € = 652.892,56 €.
2. Previsión de custos totais incorridos

   Para o cumprimento das obrigas previstas no PPTP do contrato e na súa oferta, o licitador realiza una estimación dos seus custos segundo a súa natureza.
   - Custos fixos

     O licitador inclúe os custos do persoal de xestión do contrato e dos seus vehículos.

     No caso do persoal, presenta uns custos de empresa mensuais e manifesta que os calcula tendo en conta o seu salario rateado (extras e complementos) de convenio e Seguridade Social. Nembargante, non aporta información sobre ditos cálculos, pero os custos mensuais presentados parecen adecuados.

     Para os vehículos asigna uns custos internos que son os habituais de mercado para este tipo de equipos.

     Ademais, para cada un dos elementos adscritos, aplica un coeficiente de dedicación mensual para a estimación do custo total.

     Dista forma, a estimación dos custos fixos supón un importe total de 254.184,00 €.
   - Custos variables

     Son custos orixinados pola realización de tarefas que non ten carácter fixo ou medición previa ou que non son realizadas polos recursos con dedicación exclusiva asignados ao contrato e que son computados como custos fixos. Segundo a documentación presentada polo licitador os estima da seguinte forma:

- Operacións do subgrupo I.2 (atención a incidentes)

  As operacións dos subgrupos I.1, I.3 e I.4 son realizadas polos recursos con dedicación exclusiva ou prioritaria asignados ao contrato e non ten establecidos custos variables.

  As operacións do subgrupo I.2 (atención a incidentes) non están determinadas a priori, polo que o licitador realiza unha estimación mensual do seu número, a súa importancia, os recursos a mobilizar e o seu custo.

  Segundo a xustificación desagregada presentada supón un importe total sen IVE de 5.298,72 €.

- Operacións do Grupo II

  Son tarefas de prestación a demanda por parte do Concello. Partindo dos datos da súa simulación da retribución (tipoloxía das tarefas e a súa medición), o licitador realiza o cálculo do custo unitario de cada tarefa e, aplicando as medicións, a estimación do custo total, resultando un importe de 1.582,05 € + 350.501,00 € = 352.083,05 €.

Dista forma, o importe total estimado polo licitador dos custos variables é de 5.298,72 € + 352.083,05 € = 357.381,77 €.

- Custos xerais e financeiros

  Na súa documentación, o licitador establece para estes custos un 5% sobre o importe dos custos fixos e variables, polo que o importe total estimado é de 30.578,29 €

Polo tanto, a estimación efectuada polo licitador dos custos pola prestación do servizo resulta ser un importe total de 254.184,00 € + 357.381,77 € + 30.578,29 € = 642.144,06 €.

O balance total da prestación do servizo estimado polo licitador como resultado da comparación dos ingresos fronte aos custos resulta ser un importe de 652.892,56 € – 642.144,06 € = 10.748,50 €, sendo un 1,65% da retribución tipo total máxima establecida para o contrato.

A vista do PCAP e do PPTP do expediente de contratación e da documentación presentada polo licitador na xustificación da súa oferta económica, dende un punto de vista técnico, conclúese o seguinte:

- Xustifica e desagrega de xeito razoado e detallado os custos da oferta e presenta os estudos económicos da súa viabilidade.
- A xustificación explica satisfactoriamente os prezos propostos polo licitador (baixa aos cadros de prezos do PPTP) e se fundamenta en hipóteses adecuadas dende un punto de vista técnico e económico.
- A estrutura de ingresos e de custos definida polo licitador na súa xustificación é compatible cos requirimentos do contrato de prestación de servizos e está coordinada coa súa oferta.
- A estimación da tipoloxía e medición das tarefas a demanda para o cálculo da oferta económica é responsabilidade do licitador dentro do concepto de risco e ventura dos contratos públicos, se ben, os datos presentados son compatibles con obxecto xeral do contrato.
- A definición dos custos unitarios (persoal, tarefas a demanda, porcentaxes, etc.) é responsabilidade do licitador dentro do concepto de rendemento e competitividade da súa actividade empresarial, se ben, os datos presentados están dentro dos parámetros de mercado para este tipo de actuacións.

CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

- O balance final da prestación de servizo é un obxectivo económico do licitador que queda fora do análise e valoración do presente informe.

Polo tanto, a vista do exposto, non se observan elementos significativos que permitan afirmar tecnicamente que a proposición económica presentada por OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. incorra na consideración de baixa anormal ou desproporcionada e sométese a consideración da mesa de contratación a súa avaliación e aceptación se procede.

CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal

MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.

O licitador presenta unicamente 5 páxinas con contido avaliable e 3 paxinas con copias de certificados de cumprimento de normas.

O documento presentado non contén ningún estudo económico da oferta, é máis, non contén ningunha cifra ou valor.

Todo o contido do documento son xeneralidades básicas que poden aplicarse a calquera licitación dun contrato de obras, xa que os argumentos do licitador están orientados a execución dunha obra cun proxecto que avalou para decidir a súa oferta económica. En ningún caso, estas xeneralidades están orientadas a natureza do contrato licitado (prestación dun servizo fundamentalmente a demanda que non ten medicións iniciais en contra do sinalado polo licitador).

O licitador non acredita nin sustenta documentalmente o con hipóteses razoables as afirmacións que expón na súa xustificación.

A vista do PCAP e do PPTP do expediente de contratación e da documentación presentada polo licitador na xustificación da súa oferta económica, dende un punto de vista técnico, conclúese o seguinte:

- O licitador non xustifica nin desagrega de xeito razoado e detallado o baixo nivel da súa proposición económica considerada anormal mediante a presentación da documentación necesaria para acreditar a súa viabilidade.
- A xustificación non explica satisfactoriamente os prezos propostos polo licitador (baixa aos cadros de prezos do PPTP) e a súa argumentación se fundamenta en hipóteses inadecuadas dende un punto de vista técnico e económico.

Posto que MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A. non cumpre as condicións requiridas para xustificar a súa proposición económica segundo o establecido na cláusula 16.5 do PCAP, sométese a consideración da mesa de contratación ratificar a condición da mesma como anormalmente baixa ou desproporcionada.

CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal